

información remitida polas administracións públicas competentes, percibisen axudas conforme o establecido no artigo 7 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, e no artigo 7 do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro.

Así mesmo, aplicaranse á estimación do lucro cesante ocasionado ás confrarías de pescadores, así como ós armadores non embarcados que recibisen axudas dalgunha comunidade autónoma.

2. Non obstante o disposto no punto 1, os comercializadores de primeiro nivel a que se refire o artigo 7 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, e o artigo 7 do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, poderán renunciar á aplicación de criterios de estimación obxectiva e optar por unha valoración de danos efectuada conforme o sistema regulado no artigo 4 deste real decreto.

Para estes efectos, a dita renuncia e opción efectuaranse mediante escrito adxunto á solicitude a que se refire o artigo 2 e terán carácter irrevogable.

3. O Ministerio de Facenda, logo de informe da Oficina do Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque "Prestige" e do Consorcio de Compensación de Seguros, establecerá os criterios orientativos de estimación obxectiva de acordo cos cales se realizará a valoración dos danos a que se refire o punto 1 deste artigo.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

22865 *ORDE PRE/3476/2003, do 9 de decembro, pola que se inclúen as substancias activas imazamox, oxasulfurón, etoxisulfurón, foramsulfurón, oxadiarxilo, ciazofamida, 2,4-DB, beta-ciflutrina, ciflutrina, iprodiona, linurón, hidracida maleica, pendimetalina, propineb e propizamida no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. («BOE» 298, do 13-12-2003.)*

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe un anexo, titulado «Substancias activas de incorporación autorizada nos produtos fitosanitarios». A dita directiva incorporouse ó ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 da dita norma, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e a incorporación das cales se fará pública

mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 2003/23/CE, da Comisión, do 25 de marzo, pola que se modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello, co fin de incluí-las substancias activas imazamox, oxasulfurón, etoxisulfurón, foramsulfurón, oxadiarxilo e ciazofamida, a Directiva 2003/31/CE, da Comisión, do 11 de abril, pola que se modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello, co fin de incluí-las substancias activas 2,4-DB, beta-ciflutrina, ciflutrina, iprodiona, linurón, hidrazida maleica e pendimetalina e a Directiva 2003/39/CE, do 15 de maio, da Comisión, pola que se modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello co fin de incluí-las substancias activas propineb e propizamida, procederon a incluír no anexo citado no parágrafo anterior da Directiva do Consello, as citadas substancias activas.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teña efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teña repercusións inaceptables para o ambiente.

Esta orde incorpora ó ordenamento xurídico interno as Directivas 2003/23/CE, 2003/31/CE e 2003/39/CE, mediante a inclusión das substancias activas imazamox, oxasulfurón, etoxisulfurón, foramsulfurón, oxadiarxilo, ciazofamida, 2,4-DB, beta-ciflutrina, ciflutrina, iprodiona, linurón, hidrazida maleica, pendimetalina, propineb e propizamida no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do dito real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e das ministras de Saúde e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994.

1. As substancias activas imazamox, oxasulfurón, etoxisulfurón, foramsulfurón, oxadiarxilo, ciazofamida, 2,4-DB, beta-ciflutrina, ciflutrina, iprodiona, linurón, hidrazida maleica, pendimetalina, propineb e propizamida inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, coas características e condicións que para cada unha delas se especifican no anexo desta orde.

2. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión establecidas no anexo desta orde, as autorizacións e as autorizacións provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ó inicio do seu prazo de inclusión serán revisadas, adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido no dito anexo.

3. A verificación do cumprimento dos requisitos do anexo III do Real decreto 2163/1994 e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no seu anexo VI, deberanse realizar, adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo para a aplicación dos citados principios uniformes, que para cada unha das referidas substancias activas se indican no anexo desta orde, tendo en conta ademais as conclusións da versión derradeira do correspondente informe de revisión da Comisión Europea, apro-

bado no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

4. No Rexistro Oficial de Productos e Material Fitosanitario da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o punto anterior, así como os da Comisión de Avaliación previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do dito real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 23.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade, e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 9 de decembro de 2003.

ARENAS BOCANEGRA

Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente.

ANEXO (*)

41. Condicións da inclusión da substancia activa imazamox.

Características:

Nome común: imazamox.

N.º CAS: 114311-32-9.

N.º CIPAC: 619.

Nome químico (IUPAC): ácido (\pm)-2-(4-isopropil-4-metil-5-oxo-2-imidazolin-2-il)-5-(metoxi-metil) nicotínico.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en rexións de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2003 ó 30 de xuño de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2003.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2004, para formulacións que con-

teñan imazamox como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 antes do 30 de xuño de 2003.

Protección de datos: por se-lo imazamox unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

42. Condicións da inclusión da substancia activa oxasulfurón.

Características:

Nome común: oxasulfurón.

N.º CAS: 144651-06-9.

N.º CIPAC: 626.

Nome químico (IUPAC): 2[(4,6-dimetilpirimidin-2-il)carbamoil-sulfamoilo] benzoato de oxetan-3-ilo.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice en rexións de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2003 ó 30 de xuño de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2003.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2004, para formulacións que conteñan oxasulfurón como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 30 de xuño de 2003.

Protección de datos: por se-lo oxasulfurón unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

43. Condicións da inclusión da substancia activa etoxisulfurón.

Características:

Nome común: etoxisulfurón.

N.º CAS: 126801-58-9.

N.º CIPAC: 591.

Nome químico (IUPAC): 3-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-1-(2-etoxifenoxi-sulfonil)urea.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección das algas e das plantas acuáticas que non son obxecto de tratamento presentes nos canais de drenaxe, e incluír, como condición nas correspon-

(*) A numeración dos epígrafes corresponde á codificación efectuada pola Directiva 2000/80/CE.

dentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2003 ó 30 de xuño de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2003.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2004, para formulacións que conteñan etoxisulfurón como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 30 de xuño de 2003.

Protección de datos: por se-lo etoxisulfurón unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

44. Condicións da inclusión da substancia activa foramsulfurón.

Características:

Nome común: foramsulfurón.

N.º CAS: 173159-57-4.

N.º CIPAC: 659.

Nome químico (IUPAC): 1-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-3-(2-dimetilcarbamoil-5-formamidofenilsulfonil)urea.

Pureza mínima da substancia: 940 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección das plantas acuáticas, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2003 ó 30 de xuño de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2003.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2004, para formulacións que conteñan foramsulfurón como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 30 de xuño de 2003.

Protección de datos: por se-lo foramsulfurón unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

45. Condicións da inclusión da substancia activa oxadiarxilo.

Características:

Nome común: oxadiarxilo.

N.º CAS: 39807-15-3.

N.º CIPAC: 604.

Nome químico (IUPAC): 5-tert-butil-3-(2,4-dicloro-5-proparxiloxifenil)-1,3,4-oxadiazol-2-(3H)-ona.

Pureza mínima da substancia: 980 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea,

aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección das algas e das plantas acuáticas, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2003 ó 30 de xuño de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2003.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2004, para formulacións que conteñan oxadiarxilo como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 30 de xuño de 2003.

Protección de datos: por se-lo oxadiarxilo unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

46. Condicións da inclusión da substancia activa ciazofamida.

Características:

Nome común: ciazofamida.

N.º CAS: 120116-88-3.

N.º CIPAC: 653.

Nome químico (IUPAC): 4-cloro-2ciano-N,N-dimetil-5-P-tolilimidazol-1-sulfonamida.

Pureza mínima da substancia: 935 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

a) Á protección dos organismos acuáticos.

b) Á cinética de degradación do metabolito CTCA no solo, sobre todo nas rexións de Europa setentrional, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2003 ó 30 de xuño de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2003.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2004, para formulacións que conteñan ciazofamida como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 30 de xuño de 2003.

Protección de datos: por se-la ciazofamida unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

47. Condicións da inclusión da substancia activa 2,4-DB.

Características:

Nome común: 2,4-DB.

N.º CAS: 94-82-6.

N.º CIPAC: 83.

Nome químico (IUPAC): ácido 4-(2,4-diclorofenoxi)butírico.

Pureza mínima da substancia: 940 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice en rexións de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan 2,4-DB como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-lo 2,4-DB unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

48. Condicións da inclusión da substancia activa beta-ciflutrina.

Características:

Nome común: beta-ciflutrina.

N.º CAS: 68359-37-5 (estereoquímica sen confirmar).

N.º CIPAC: 482.

Nome químico (IUPAC): Ester(SR)- α -ciano-(4-fluoro-3-fenoxi-fenil)metílico do ácido (1RS, 3RS; 1RS, 3SR)-3-(2,2-dicloro-vinil)-2,2-dimetilciclopropanocarboxílico.

Pureza mínima da substancia: 965 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Os usos fóra dos cultivos ornamentais en invernadoiro e os tratamentos de sementes non están avalados actualmente de forma adecuada e non se demostrou que sexan aceptables segundo os criterios esixidos en virtude do anexo VI. Para avala-la autorización de tales usos, cómpre que se obteñan e presenten datos e información que demostren a súa aceptabilidade para os consumidores e o ambiente. En particular, os datos relativos para avaliar con todo detalle os riscos da utilización foliar ó aire libre e os riscos alimentarios dos tratamentos foliares de cultivos comestibles.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección dos artrópodos que non son obxecto de tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan beta-ciflutrina como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-la beta-ciflutrina unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

49. Condicións da inclusión da substancia activa ciflutrina.

Características:

Nome común: ciflutrina.

N.º CAS: 68359-37-5 (estereoquímica sen confirmar).

N.º CIPAC: 385.

Nome químico (IUPAC): Ester(RS)- α -ciano-4-fluoro-3-fenoxibencílico do ácido (1RS, 3RS; 1RS, 3SR)-3-(2,2-diclorovinil)-2,2-dimetilciclopropanocarboxílico.

Pureza mínima da substancia: 920 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Os usos fóra dos cultivos ornamentais en invernadoiro e os tratamentos de sementes non están avalados actualmente de forma adecuada e non se demostrou que sexan aceptables segundo os criterios esixidos en virtude do anexo VI. Para avala-la autorización de tales usos, cómpre que se obteñan e presenten datos e información que demostren a súa aceptabilidade para os consumidores e o ambiente. En particular, os datos relativos para avaliar con todo detalle os riscos da utilización foliar ó aire libre e os riscos alimentarios dos tratamentos foliares de cultivos comestibles.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

Á protección dos artrópodos que non son obxecto de tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan ciflutrina como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-la ciflutrina unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

50. Condicións da inclusión da substancia activa iprodiona.

Características:

Nome común: iprodiona.

N.º CAS: 36734-19-7.

N.º CIPAC: 278.

Nome químico (IUPAC): 3-(3,5-diclorofenil)-N-isopropil-2,4-dioxo-imidazolidina-1-carboximida.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

a) Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique a doses elevadas (sobre todo cando se utilice en turba) en solos ácidos (pH inferior a 6) baixo condicións climáticas vulnerables,

b) O risco para os invertebrados acuáticos se a substancia activa se utiliza directamente na proximidade de augas superficiais e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan iprodiona como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-la iprodiona unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

51. Condicións da inclusión da substancia activa linurón.

Características:

Nome común: linurón.

N.º CAS: 330-55-2.

N.º CIPAC: 76.

Nome químico (IUPAC): 3-(3,4-diclorofenil)-1-metoxi-1-metilurea.

Pureza mínima da substancia: 900 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

a) Á protección dos mamíferos silvestres, artrópodos que non son obxecto de tratamento e organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

b) Á protección dos operarios.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan linurón como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-lo linurón unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

52. Condicións da inclusión da substancia activa hidrazida maleica.

Características:

Nome común: hidrazida maleica.

N.º CAS: 123-33-1.

N.º CIPAC: 310.

Nome químico (IUPAC): 6-hidroxi-2H-piridazin-3ona. Pureza mínima da substancia: 940 g/kg de produto técnico. A substancia axustarase ó establecido pola Orde do 1 de febreiro de 1991.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

a) Á protección de artrópodos que non son obxecto de tratamento,

b) Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas cando a substancia activa se aplique en rexións de características climáticas ou edáficas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan hidrazida maleica como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-la hidrazida maleica unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

53. Condicións da inclusión da substancia activa pendimetalina.

Características:

Nome común: pendimetalina.

N.º CAS: 40487-42-1.

N.º CIPAC: 357.

Nome químico (IUPAC): N-(1-etilpropil)-2,6-dinitro-3,4-xilideno.

Pureza mínima da substancia: 900 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de decembro de 2002, deberase atender especialmente:

a) Á protección dos organismos acuáticos e dos vexetais terrestres que non son obxecto de tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autori-

zacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

b) Á posibilidade de transporte de curto alcance da substancia activa na atmosfera.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ó 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2007, para formulacións que conteñan pendimetalina como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de decembro de 2003.

Protección de datos: por se-la pendimetalina unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

54. Condicións da inclusión da substancia activa propineb.

Características:

Nome común: propineb.

N.º CAS: 12071-83-9 (monómero).

9016-72-2 (homopolímero).

N.º CIPAC: 177.

Nome químico (IUPAC): 1,2-propileno-bis (ditiocarbamato) de zinc polimérico.

Pureza mínima da substancia: a substancia activa debe cumprila especificación da FAO.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 26 de febreiro de 2003, deberase atender especialmente:

a) Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en rexións de características edáficas vulnerables ou climáticas extremas,

b) Á protección dos pequenos mamíferos, dos organismos acuáticos e dos artrópodos que non son obxecto de tratamento, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco,

c) Á situación da exposición alimentaria aguda dos consumidores con vistas a revisar no futuro os límites máximos de residuos.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2004 ó 31 de marzo de 2014.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de outubro de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2008, para formulacións que conteñan propineb como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de marzo de 2004.

Protección de datos: por se-lo propineb unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

55. Condicións da inclusión da substancia activa propizamida.

Características:

Nome común: propizamida.

N.º CAS: 23950-58-5.

N.º CIPAC: 315.

Nome químico (IUPAC): 3,5-dicloro-N-(1,1-dimetilprop-2-inil)benzamida.

Pureza mínima da substancia: 920 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 26 de febreiro de 2003, deberase atender especialmente:

a) Á protección dos operarios,

b) Á protección das aves e dos mamíferos silvestres, sobre todo se a substancia se aplica durante o período de reprodución, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco,

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2004 ó 31 de marzo de 2014.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de outubro de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2008, para formulacións que conteñan propizamida como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, antes do 31 de marzo de 2004.

Protección de datos: por se-la propizamida unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

XEFATURA DO ESTADO

23101 *LEI 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servicios de saúde. («BOE» 301, do 17-12-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A organización política e territorial e o esquema de distribución de competencias en materia de sanidade e asistencia sanitaria que establecen a Constitución e os estatutos de autonomía, provocan o nacemento, no ano 1986 e mediante a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, do Sistema Nacional de Saúde, concibido como o conxunto dos servicios de saúde cun funcionamento harmónico e coordinado.

A Lei xeral de sanidade establece que nos servicios de saúde se integrarán os diferentes servicios sanitarios públicos do respectivo ámbito territorial. Tal integración realízase coas peculiaridades organizativas e funcionais dos correspondentes centros, entre elas, o réxime xurídico do seu persoal, o que motiva que nos servicios